



ROGO PARA O PINTADO DE PEZAS DE FORXA DA ALAMEDA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Alameda de Santiago é un espazo entrañable e simbólico, un compendio do extraordinario patrimonio natural do Concello que rivaliza coa arte da pedra da cidade monumental. É, ademais, un dos principais referentes das preto de medio cento de áreas verdes, tanto pola súa importancia botánica e ambiental como pola súa extensión, ao sumar 85.000 metros cadrados no centro neuráxico da cidade.

Pero a pesar desa centralidade e desa importancia ambiental, que debería incrementar a atención e os esforzos para o seu coidado e conservación, existen moitos elementos que revelan a desatención e a falta de mantemento. Algúns requiren de importantes actuacións e de custosos procedementos, que sen dúbida hai que acelerar, pero nos que é comprensible unha certa demora. Outros, sen embargo, son de doada execución e pouco máis requiren que un pequeno esforzo e un limitado gasto.

Ese é o caso de varios elementos de forxa que se atopan na Alameda, dos que como anexo se achega unha pequena mostra: escaleiras, respaldos de bancos ou enreixados nos que a falta de pintura non só achega unha imaxe de abandono, senón que tamén supón unha contribución ao seu progresivo deterioro, cunha estética que contrasta coa fermosura que proporciona a natureza nese lugar.

Á vista desta situación, formúlase o seguinte rogo:

“Que o Goberno local dea as instrucións precisas para que se proceda ao pintado, e se é o caso rehabilitación, dos elementos de forxa que se atopan na Alameda, para contribuír á súa protección e á mellora estética deste emblemático enclave natural da cidade.”

Santiago de Compostela, a 7 de abril de 2017.

Teresa Gutiérrez López
Concelleira do Grupo Municipal Popular

ANEXO FOTOGRÁFICO

